



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE CONVOCAN PROBAS EXTRAORDINARIAS DE ACCESO ÁS ENSEÑANZAS SUPERIORES DE MÚSICA PARA O CURSO 2015-2016.

A Orde do 30 de setembro de 2010, establece o plan de estudos das ensinanzaas artísticas superiores de música na Comunidade Autónoma de Galicia, definindo, no seu capítulo VI, as particularidades para o desenvolvemento das probas de acceso a ditas ensinanzaas.

Na Resolución do 14 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ditáronse instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás ensinanzaas superiores de Música para o curso 2015-2016.

Unha vez rematado o prazo de matrícula para o alumnado que superou ditas probas de acceso, e tendo en conta o establecido no punto quinto, apartado d), da anteriormente dita resolución, os centros informaron a esta dirección xeral da existencia de vacantes en determinadas especialidades, co obxecto de convocar probas de acceso extraordinarias no mes de setembro e cubrir ditas vacantes.


Asemade, e en base á demanda da comunidade educativa, o conservatorio superior de música de Vigo solicitou perante esta dirección xeral a implantación do novo itinerario de Clave, dentro da especialidade de Interpretación para o próximo curso escolar. Dita solicitude foi informada favorablemente polo servizo de inspección educativa de Pontevedra.

Tendo en conta o exposto e estando prevista a implantación do citado itinerario, cómpre establecer un novo proceso de admisión para estes centros, polo que esta Dirección Xeral **RESOLVE** autorizar a realización de probas extraordinarias de acceso ás ensinanzaas superiores de música en convocatoria de setembro.

As ditas probas realizaranse de acordo co establecido na citada Resolución do 14 de abril, e serán administradas, avaliadas e cualificadas polos tribunais e nas datas que se indican no anexo á presente instrución, para as especialidades especificadas no mesmo.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2015.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





ANEXO

Calendario:

| | |
|--|--|
| Formalización de inscricións: | 28 ao 31 de xullo, e do 1 ao 3 de setembro |
| Publicación de admitidos/as: | 4 de setembro |
| Comezo das probas : | 8 de setembro |
| Listaxe provisional de admitidos por centro: | 14 de setembro |
| Listaxe definitiva e formalización de matrícula: | 15 de setembro |

Desenvolvemento das probas:

Os conservatorios organizarán a distribución horaria e de espazos de actuación de cada tribunal de acordo co calendario que estableza a comisión de acceso a tal efecto.

Será competencia de cada tribunal a organización das convocatorias das distintas partes que compoñen a proba e deberan comunicarlhas aos interesados no momento da presentación.

- **Especialidade: Interpretación (agás itinerario de Jazz).** A proba consistirá en:

- Interpretación dun programa de ata trinta minutos, integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos.
- Análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal.
- Lectura á vista.

- **Especialidade: Interpretación, itinerario de Jazz.** A proba consistirá:

- Parte A: na interpretación dun programa ata trinta minutos, integrado por obras do repertorio jazzístico. Será requisito indispensable que o aspirante improvise en cada unha delas.
- Parte B: na análise dunha obra ou fragmento musical por proposta do tribunal, engadindo contidos propios da análise de jazz.



- **Especialidade: Musicoloxía.** A proba consistirá en:

- Análise histórico-estilística e defensa dunha obra ou fragmento por proposta do tribunal.
- Realización dun comentario de texto ou traballo escrito por proposta do tribunal.
- Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada previamente polo/a candidato/a.

Comisión de acceso:

Presidenta: M^a Teresa Bárbara Criado.

Secretario: Rodolfo García Alonso.

Vogais: Esteban Valverde Corrales, Andrés Vales González, Ana María Torres Estarque

Tribunais CMUS Superior da Coruña.

Interpretación. Itinerario Jazz (Trompeta)

Presidente: Hansel Luís Díez

Vogais: Iñigo Azurmendi Muñoa, Marcelino Galán Pérez

Suplentes: Roberto Somoza Fachado, Joaquín Luís García Souto

Interpretación. Itinerarios Contrabaixo e Violín

Presidente/a: Nerea Casanova Gilsanz

Vogais: Beatriz Rodríguez Caridad, , Antonio Peña Fernández

Suplentes: Clara Groba Otero, Sergio Sieiro Rey

Interpretación. Itinerarios Óboe e Fagot:

Presidente: Ismael Vaquero Baquero,

Vogais: Jesús Coello Rodríguez, Patricia Teresa Sánchez Cao

Suplentes: Miguel Gil Peris, José M^a Belló García





Tribunais CMUS Superior de Vigo.

Interpretación. Itinerario Canto:

Presidenta: Beatriz Riobó Agulla

Vogais: Patricia Blanco Piñeiro, José Antonio Cantal Mariño

Suplentes: M^a Teresa Novoa Freitas, Carlos Enrique Pérez Gómez

Interpretación. Itinerario Clave:

Presidenta: Patricia Rejas Suárez

Vogais: Rafael Muñoz Rodríguez, Jacobo Gaspar Grandal,

Suplentes: Luis Costa Vázquez, José Antonio Cantal Mariño

(Os aspirantes que se presenten ás probas polo itinerario de Clave deberán realizar as partes específicas da interpretación co instrumento e da lectura a primeira vista no conservatorio profesional de música de Pontevedra)

Interpretación. Itinerarios Contrabaixo e Violonchelo

Presidente: Juan Carlos Villar del Saz Pardo

Vogais: Álvaro Quintanilla Marful, Pablo Beltrán Sobrado

Suplentes: Ana M^a Torres Estarque, Leonardo Blanco Novoa,

Interpretación. Itinerario Instrumentos de corda pulsada do renacemento e barroco

Presidente: Rafael Muñoz Rodríguez

Vogais: José Luis Fernández Rodríguez, Carlos Cambeiro Alís

Suplentes: Antonio Rocha Álvarez, Mario Peris Salom,

Interpretación. Itinerarios Frauta traveseira e Óboe:

Presidente: Ricardo Pazo García

Vogais: Fernando Raña Barreiro, Juan Manuel Eiras Tojo

Suplentes: Manuel Morales Fernández, Óscar Araújo Comesaña

Interpretación. Itinerario Saxofón:

Presidente : Rafael Yebra Rivera Francisco Pérez Rodríguez

Vogais: Asterio Leiva Piñeiro Diego David Cuevas Sánchez





Suplentes: Francisco Pérez Rodríguez, Carlos Troya Navarro

Interpretación. Itinerario Tuba.

Presidente: Jonathan Vázquez, Carrera

Vogais: Jesús Vicente Monzó, Juan Manuel Eiras Tojo

Suplentes: Javier Viceiro Filgueira, José Pons Boils

Musicoloxía. Itinerarios Etnomusicoloxía, e Musicoloxía histórica.

Presidente: Julio Carlos Alonso Monteagudo

Vogais: Luis Costa Vázquez, Javier Luis Jurado Luque

Suplentes: Carolina Hernández Abad, Francisco Roberto Relova Quinteiro

